

TÉCNICAS DE ESTUDIO

ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO ESTUDIO. COMO ESTUDIAR UNHA LECCIÓN.

OBXECTIVOS

- 1.- Intentar que o alumnado sexa capaz de organizar o seu tempo de estudio e de lecer.
- 2.- Facilitarlle aos/ás alumnos/as un método de estudio.

ACTIVIDADES

- Exposición oral por parte do/a titor/a dunhas pautas para planificar o estudio.
- Cumprimentación individual dunha ficha sobre a planificación do estudio.
- Explicación por parte do/a titor/a dos pasos a seguir para preparar unha lección.

MATERIAIS

- Ficha - modelo de planificación horaria do estudio.
- Ficha sobre o método a seguir para preparar eficazmente unha lección.

PLANIFICACIÓN DO ESTUDIO



A planificación evita riscos innecesarios e contribúe a eliminar a ansiedade previa ós exames.


Se organizas ben o tempo de estudio elevas o teu rendimento.

1. Como facer unha planificación eficaz

A mellor maneira de organizarse é confeccionar un horario de estudio.

Cubre o seguinte cadro:

Horario de dedicación diaria ó estudio persoal						
horas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO



Xa vimos ONDE e CANDO ESTUDIAR. Agora vexamos COMO.

Para preparar unha lección o MÉTODO máis axeitado é seguir estes pasos:

1. **Lectura rápida** do tema para formar unha opinión global.
2. **Lectura comprensiva** de cada apartado.
3. **Subliñar** aquelas palabras que fagan referencia ó fundamental das cuestións.
Debes subliñar:
 - Títulos, epígrafes e apartados.
 - As ideas principais.
 - Os detalles importantes.
 - Os nomes, datos, datas, etc.
 Un bo subliñado permitirache só coa súa lectura captar o significado do texto.
4. **Elaboración do esquema** da lección. Xurdirá a partir do subliñado e constitúe o esqueleto do tema.
O esquema debe:
 - Ser breve e facilitar a comprensión.
 - Seguir unha orde lóxica na presentación das ideas.
 - Axudar á retención de datos.
 - Facilitar unha visión rápida, global e xerarquizada do tema.
5. **Aprender de memoria o esquema.** Facerse preguntas e contestalas como se o profesor estivese diante.
6. **Lectura de repaso** para consolidar o aprendido.